

# INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN DIDÁCTICA

## *GALICIA, BIODIVERSIDADE*

Organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Culleredo, o próximo luns 25 de maio, no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo, abrirase ao público a exposición *Galicia, biodiversidade*, promovida pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Dita exposición, composta por 19 paneis informativos e a proxección do documental “Galicia, biodiversidade”, permanecerá aberta ao público ata o 29 de maio, no seguinte horario: de 10 a 14 h e de 16 a 21 h.

Rías, bosques, montañas, ríos, canóns, lagoas, illas, praias, dunas, matogueiras, esteiros... unha gran diversidade de ambientes que debuxan unha paisaxe única que non se pode comprender sen a presenza humana desde hai milleiros de anos.

Con esta exposición didáctica, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia pretende que todos os galegos coñezan a diversidade de ecosistemas, de especies e de variedades xenéticas que se conservan en Galicia. Que se estimule a toma de conciencia sobre a importancia da conservación da biodiversidade máis próxima que atesouramos en Galicia e, ao mesmo tempo, a mundial.

Ademais se queren desenvolver comportamentos positivos cara á conservación das especies e dos seus hábitats e fomentar actitudes responsables que favorezan a conservación da natureza.

### **Relación de paneis**

Panel 1: **Portada.** Galicia, biodiversidade.

Panel 2: **Biodiversidade.** Un quebracabezas de millóns de anos en continuo cambio.

Panel 3: **A arca da vida.** Diversidade de especies en Galicia.

Panel 4: **Biodiversidade en Galicia.** Os ingredientes desta receita.

Panel 5 (dobre): **Ecosistemas.** Unha viaxe pola diversidade.

Panel 6: **As ameazas.** A nosa biodiversidade en perigo.

Panel 7: **Ferramentas.** Protexer as especies e os espazos.

Panel 8: **Paisaxe e formas.** Marabillas para a vista, marabillas por natureza.

Panel 9 (dobre): **Flora.** Algunhas plantas baixo ameaza.

Panel 10 (dobre): **Invertebrados.** Os pequenos, grandes descoñecidos.

Panel 11: **Peixes.** ¿Ficarán o mar e os ríos sen peixes?

Panel 12: **Anfibios e réptiles.** Sempre perseguidos, máis ameazados ca nunca.

Panel 13: **Aves.** Galicia, un gran observatorio de aves.

Panel 14: **Mamíferos.** Os máis grandes ameazados.

Panel 15: **Mamíferos mariños.** Eses grandes descoñecidos tan achegados a nós.

Panel 16: **Razas e variedades.** Menos cantidade pero máis calidade.

Culleredo, 21 de maio de 2009

O concelleiro de Cultura

Asdo. Celestino Poza Domínguez